

Fundación Eugenio Granell



En 1951 Eugenio Fernández Granell (A. Coruña 1912- Madrid 2002) escribiu un dos seus libros máis significativos *Isla Cofre Mítico*. A obra, ilustrada polo autor, é unha homenaxe ao traballo dos seus colegas surrealistas e máis en específico ao autor do manifesto surrealista de 1924, André Breton. O texto inspírase nas andainas de Breton e os seus colegas durante o seu exilio no Caribe onde foron impactados pola exuberancia da paisaxe e a cultura caribeña vistas desde unha perspectiva surrealista. Sen embargo, Granell desde 1950 viviu tamén nunha illa, Porto Rico. A súa chegada do exilio en Guatemala por invitación do reitor da Universidade de Porto Rico, Jaime Benítez, traballa como profesor de arte na UPR, Recinto de Río Pedras. Na súa xestión como profesor e entre as disciplinas que desenvolveu resalta unha fazaña raramente recoñecida.

Granell comeza a reunir un grupo de estudantes e os prepara para experimentar e traballar coas tendencias da arte moderna da primeira metade do século vinte. Partindo da idea do Surrealismo o profesor comeza a expandir o pensamento crítico dos xoves artistas ofrecendo unha nova percepción da

25 May - 10 September, 2023

Fundación Eugenio Granell Sala 1. Segunda planta.
Plaza del Toral 15705 Santiago de Compostela
www.fundacion-granell.gal



arte fóra das connotacións tradicionais que se practicaban no Porto Rico desa época. Antes da súa chegada, a estética nas artes portorriqueñas formulábase en narrativas folklóricas desde a definición da identidade portorriqueña, a natureza e a representación.

Esta exposición susténtase no meu estudio na Fundación Eugenio Granell durante a miña estancia de investigación en Santiago de Compostela, España (2023). Os documentos relacionados co tema de Porto Rico ampliaron considerablemente o meu coñecemento sobre Granell e o seu traballo en Porto Rico. Todas as obras representadas nesta exposición son parte da colección da Fundación Eugenio Granell.

No verano de 1951 Granell prepara na Universidade a primeira exposición de arte moderna de artistas portorriqueños documentada na historiografía da arte nacional de Porto Rico. Aparte desta exposición emblemática, descubrín que esta iniciativa será repetida durante os vindeiros anos. Granell organizou exposicións dos seus estudantes na sala de exposicións da Facultade de Humanidades nos anos 1952 e 1953. A súa xestión cultural, aparte da súa labor persoal como artista, produciu tamén mostras de arte no Recinto Universitario de Mayagüez da UPR, (RUM) onde buscou a expansión do tema modernista fóra do Recinto Universitario de Río Pedras. Granell comeza mediante as súas accións unha nova escola de arte moderna portorriqueña (EMP) co recrutamento de novos talentos consolidados en exposicións e as prácticas continuas dentro e fóra dos salóns de clases. Este logro é único respecto ao seu desempeño nos demais países onde viviu.

A xestión de Granell marca un fito importante na historiografía das artes nacionais portorriqueñas que prolóngase ata o cese do seu contrato como catedrático da Universidade en 1959 e o seu acomodo nos Estados Unidos en 1960.



Cossette Zeno, *Imitación*

Esta década de experimentación artística (1950 - 1959) foi fundamental para o desenvolvemento da arte moderna na Illa. A década dos 50, aparte do referente nacionalista e o folklor, foi unha década de experimentación e novos paradigmas que auscultaron o modernismo e deu paso a que un puñado de artistas, discípulos e estudantes de Granell como; Rafael Ferrer, Roberto Alberti, Cossette Zeno, Luis Hernández Cruz, Frances del Valle, Virginia Vidich, Ernesto Ruiz de la Matta, Luis Maisonet Crespo, entre tantos, lograran facer a transición á década dos 60, e estalar en total liberdade de xéneros na década dos 70, que foi de libre experimentación.

Ao ano e medio de comezar a súa xestión Granell escribe en 1951 ao reitor da UPR, Jaime Benítez sobre a súa xestión comezada en 1950.

"Estou moi contento de poder contribuír minimamente á aparición deste grupo de xoves artistas que por primeira vez manifesta no que ata agora sabíase sen habelo visto; que en Porto Rico, como en todo o ámbito antillano, o talento pictórico espera so pola oportunidade para brotar con característica forza e senso propio. Gracias a vostede puiden axudar a estes xoves a iniciarse no seu camiño. Oxalá poidan seguir".

José Correa Vigier. Comisario e historiador